

ANEXO 38

CONVENIO MARCO
DE COLABORACIÓN
ENTRE A
ADMINISTRACIÓN
XERAL DA
COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE
GALICIA E AS
ENTIDADES
XESTORAS DOS
SISTEMAS
INTEGRADOS DE
XESTIÓN (SIX) DE
RESIDUOS DE PILAS
E ACUMULADORES

CONVENIO MARCO
DE COLABORACIÓN
ENTRE LA
ADMINISTRACIÓN
GENERAL DE LA
COMUNIDAD
AUTÓNOMA DE
GALICIA Y LAS
ENTIDADES
GESTORAS DE LOS
SISTEMAS
INTEGRADOS DE
GESTIÓN (SIX) DE
RESIDUOS DE PILAS
Y ACUMULADORES



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

Santiago de Compostela, a 01 de agosto de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), nomeado para dito cargo polo Decreto 81/2009, do 19 de abril, en relación co establecido no Decreto 44/2012, do 24 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e no Decreto 13/2012, de 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte:

O Señor D. José Pérez García, en nome e representación da entidade FUNDACIÓN PARA LA GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL DE PILAS, constituída en virtude de escritura pública de 17 de outubro de 2000, autorizada polo Notario de Madrid D. Miguel Ángel García-Ramos Iturralde, co Núm. 3.248 do seu Protocolo, provista de CIF: G-82795691, e inscrita no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resolución de 2 de marzo de 2001 (en adiante FUNDACIÓN ECOPILAS).

O Señor D. Idalecio Matias Rodrigues, en nome e representación da entidade European Recycling Platform España S.L.U, constituída por escritura pública de 7 de febreiro de 2007, autorizada polo Notario do Ilustre Colexio de Madrid D. Pablo de la Esperanza Rodríguez, co Núm. 523 do seu Protocolo, provista de CIF: B-84979160, e inscrita no Rexistro mercantil de Madrid en data 22 de febreiro de 2007 (en adiante ERP ESPAÑA).

As partes recoñécense a capacidade legal suficiente para obrigar ás súas respectivas entidades a formalizar o presente Convenio, que acordan voluntariamente e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos modificado por Real Decreto 943/2010 de 23 de xullo establece as condicións técnicas e de calidade ecolóxica que deberán respectarse na recollida e xestión destes residuos, de acordo coa Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores.

SEGUNDO.- Que o citado Real Decreto determina que a responsabilidade de asegurar a boa xestión dos residuos de pilas e acumuladores (en adiante RPA), comezando pola súa recollida selectiva, e o logro dos obxectivos ecolóxicos de recollida que nel figuran, corresponde aos produtores, é dicir, calquera persoa física ou xurídica que, con independencia da técnica de venda utilizada, poña por primeira vez no mercado as pilas e acumuladores, no marco dunha actividade profesional, e iso en aplicación dos principios de responsabilidade do produtor e de «quen contamina paga».

TERCEIRO.- Que os responsables da posta no mercado das pilas e acumuladores poderán cumprir estas obrigas establecendo o seu propio sistema de xestión individual, participando nun Sistema Integrado de Xestión (en adiante SIX), contribuíndo economicamente aos sistemas públicos de xestión ou establecendo un sistema de depósito, devolución e retorno das pilas, acumuladores e baterías usados que puxeran no mercado, sempre garantindo que se cumpren os obxectivos de xestión establecidos no Real Decreto 106/2008.

CUARTO.- Que, de acordo co Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores, os custos de recollida e xestión destes residuos, incluídos os de recollida selectiva, transporte, almacenamento temporal, tratamento e reciclaxe, serán sufragados polos produtores, conforme ao sistema de xestión utilizado.

Para dar cumprimento ao establecido nos artigos 10, 12.2 e 19.1, do Real Decreto 106/2008, referentes á recollida, tratamento e reciclaxe dos RPA portátiles, así como ás campañas de información, os produtores poderán subscribir acordos voluntarios coas autoridades competentes das Comunidades Autónomas.

QUINTO.- Que o financiamento dos custos de xestión dos RPA portátiles por parte das entidades xestoras dos SIX atenderá ao establecido no Real Decreto 106/2008.

SEXTO.- Que as entidades locais participaron no proceso de elaboración do presente Convenio, de acordo co que prevé o Real Decreto 106/2008 no seu artigo 8, punto 3, e o resto de normativa aplicable.

SÉTIMO.- Que a Comunidade Autónoma e as entidades xestoras dos SIX asinantes subscriben o presente Convenio Marco para, entre outros fins, establecer un marco común para a xestión dos RPA portátiles nos entes locais galegos que se adhíren a él.

As entidades xestoras dos SIX de RPA rexeranse polo disposto no Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, o Real Decreto 943/2010 de 23 de xullo, que o modifica, así como polas estipulacións e previsións contidas na correspondente autorización e polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA - OBXECTO

O presente Convenio Marco ten por obxecto establecer o marco de colaboración que debe rexer a actividade das entidades xestoras dos SIX de RPA asinantes (en adiante os SIX de RPA) e que estean autorizados para actuar como SIX en Galicia e a súa relación coas entidades locais e a Comunidade Autónoma, de conformidade coas súas competencias, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 106/2008, sobre Pilas e Acumuladores e a Xestión Ambiental dos seus residuos, no Real Decreto 943/2010, de 23 de xullo, que o modifica, e demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

XUNTA DE GALICIA





XUNTA DE GALICIA

Para iso, establécese como ámbito de aplicación do presente Convenio, os RPA portátiles e as condicións de recollida, almacenamento, tratamento e eliminación destes residuos, non sendo obxecto do mesmo, a recollida e xestión dos RPA industriais e de automoción. Polo tanto, o contido do presente convenio debe entenderse referido exclusivamente ós RPA xerados das pilas e acumuladores portátiles postas no mercado polas empresas adheridas ós SIX de RPA asinantes do presente Convenio.

Así mesmo, establécense e regúlanse os compromisos da Comunidade Autónoma, das entidades locais que voluntariamente se adhiran a él e das entidades xestoras dos SIX de RPA, respecto das diferentes materias que integran o obxecto do presente Convenio.

Neste sentido, todas as obrigas que teñan por suxeito pasivo ás entidades xestoras dos SIX asinantes contidas no presente Convenio respecto das que non se estableza norma especial de atribución ou de cumprimento, deberán ser cumpridas por cada entidade xestora do SIX en función á súa respectiva cota de mercado (ou serán repercutidas na precitada proporción) salvo que expresamente os obrigados establecieran o contrario.

SEGUNDA.- ÁMBITO DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DO PRESENTE CONVENIO

As actuacións que se levarán a cabo serán as seguintes:

- 1.- Establecemento dos compromisos necesarios para garantir o cumprimento do previsto no Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre Pilas e Acumuladores e a Xestión Ambiental dos seus residuos, referentes á xestión dos RPA portátiles postos no mercado polos produtores adheridos ás entidades xestoras dos SIX.
- 2.- Regulación da colaboración das Entidades Locais cos SIX de RPA e establecer os mecanismos de adhesión ó presente Convenio Marco.
- 3.- Implantación dos sistemas de recollida selectiva dos RPA portátiles con criterios de aceptación social, eficiencia técnica e viabilidade ambiental e económica.
- 4.- Realización de campañas de concienciación social tendentes a sensibilizar á poboación con vistas a facilitar o logro dos obxectivos ecolóxicos de recollida que se pretende. Estas campañas dirixiránse a todos os sectores implicados (cidadáns, distribuidores, etc.), e o seu contido deberá aprobarse pola Comisión de Seguimento deste Convenio Marco.
- 5.- Establecemento dos mecanismos para garantir o tratamento correcto das substancias perigosas que conteñen as pilas e acumuladores e a reciclaxe e/ou valorización dos residuos de pilas e acumuladores, de acordo co previsto no RD 106/2008.
- 6.- Establecemento dos mecanismos necesarios de colaboración para garantir o cumprimento do previsto no presente Convenio, poñendo en práctica instrumentos para a obtención e intercambio de información, así como medidas de control.
- 7.- Establecemento dos compromisos e mecanismos de execución necesarios para asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 106/2008, en particular, garantindo o cumprimento dos obxectivos ecolóxicos de recollida establecidos no citado Real Decreto.
- 8.- Establecemento das medidas para o financiamento da recollida selectiva dos RPA por parte das entidades xestoras dos SIX de RPA, que será sufragada por éstas, sen perxizo das responsabilidades que corresponden a outros produtores de pilas e acumuladores que optaran, de acordo co previsto no art. 5.2 do Real Decreto 106/2008, por cumprir as obrigas impostas a través doutras modalidades distintas a SIX, ou a través de SIX de RPA non asinantes do presente Convenio



XUNTA DE GALICIA

TERCEIRA.- COMPROMISOS QUE ADQUIREN AS ENTIDADES XESTORAS DOS SIX

As obrigas contidas na presente cláusula atribúense a cada entidade xestora en proporción á súa respectiva cota de mercado do Rexistro Nacional de Produtores de pilas e acumuladores (en adiante, REI-RPA), salvo acordo en contrario adoptado polas propias entidades obrigadas.

De acordo ao anterior, nos termos establecidos no presente Convenio Marco, as entidades xestoras dos SIX de RPA comprométense, no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma a:

- 1.- Xestionar os RPA portátiles entregados polos consumidores ou usuarios finais nos puntos de recollida, e que se poñan a disposición das entidades xestoras dos SIX de RPA.
- 2.- Garantir o cumprimento, como mínimo, dos obxectivos ecolóxicos de recollida de acordo co previsto no artigo 15 do Real Decreto 106/2008.
- 3.- No seu caso, e de conformidade co previsto no artigo 10.4 do RD 106/2008, poñer en funcionamento os servizos que garantan a recollida selectiva das pilas e acumuladores portátiles usados nos puntos de recollida selectiva, **PRS**, e o seu transporte dende os puntos de recollida municipal, **PRM**, para a súa entrega ás prantas de tratamento e reciclaxe. O alcance dos servizos prestados polas EX dos SIX de RPA quedará suxeito ao modelo de adhesión escollido pola EELL de acordo co establecido na cláusula quinta deste escrito.

Neste sentido, enténdese por punto de recollida selectiva (PRS) aqueles puntos establecidos para a recollida selectiva dos residuos de pilas, baterías e acumuladores portátiles procedentes dos domicilios particulares, comercios, ou outros lugares asimilables accesibles aos consumidores ou usuarios finais, para o seu posterior traslado aos puntos de recollida municipal (PRM) ou centros de almacenamento temporal.

Por outra banda, os puntos de recollida municipal (PRM) son aquelas instalacións de recollida e almacenamento temporal de residuos, de titularidade municipal (puntos limpos, almacéns municipais, etc.) nas que se fai acopio, entre outros, dos residuos de pilas, baterías e acumuladores recollidos nos puntos de recollida selectiva (PRS).

- 4.- Poñer en marcha un servizo de recollida dos RPA portátiles depositados nos puntos de recollida municipal (PRM) establecidos polas Entidades Locais e a rede de puntos de recollida selectiva (PRS) establecidos polos SIX de RPA na distribución, que cumpra coas condicións técnicas recollidas no anexo VI do presente Convenio.
- 5.- Transferir ás Entidades Locais adheridas a este Convenio as cantidades económicas que correspondan de conformidade co previsto no anexo IV do presente Convenio Marco.
- 6.- Garantir a recollida, tratamento e reciclaxe dos RPA portátiles procedentes dos sistemas de recollida selectiva previstos neste Convenio Marco, tendo en conta as especificacións técnicas contidas no anexo VI. Ditas operacións de xestión levaranse a cabo respectando os principios de xestión contidos na normativa específica de aplicación.

Neste sentido, as entidades xestoras dos SIX de residuos de pilas e acumuladores unicamente son responsables e de modo proporcional á súa cota de mercado, dos custos aos que se refire o RD 106/2008 e dimanantes do contido deste Convenio Marco, sen que lles sexa esixible responsabilidade como consecuencia doutras eventuais obrigas que houberan podido establecerse ou derivarse como consecuencia da finalización do contrato de xestión do servizo público de xestión de residuos de pilas (a título de exemplo, non exhaustivo e limitativo, custos derivados da eventual continuación ou extinción de contratos laborais do persoal do concesionario, ou de custos de adquisición de medios materiais novos, etc.).



XUNTA DE GALICIA

7.- Asumir a responsabilidade da xestión dos RPA portátiles xerados na Comunidade Autónoma e postos a disposición das entidades xestoras dos SIX a través dos diferentes sistemas de recollida selectiva previstos neste Convenio Marco.

8.- Subministrar á Comunidade Autónoma a información requirida no artigo 18.1 do Real Decreto 106/2008, de 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

9.- Observar os principios de equilibrio territorial e de universalidade do servizo na Comunidade Autónoma. Así, os sistemas de recollida que se implanten deberán implicar un número axeitado de puntos de recollida distribuídos de acordo con criterios de accesibilidade, dispoñibilidade e densidade de poboación de conformidade cos criterios establecidos no anexo VI.

10.- Subministrar ás Entidades Locais, os elementos de contedorización necesarios para facilitar o almacenamento temporal dos RPA portátiles naqueles puntos nos que os SIX de RPA realicen o servizo de recollida de pilas e acumuladores segundo as condicións técnicas recollidas no anexo VI do presente Convenio.

11.- Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas copia do texto dos acordos particulares que as entidades xestoras dos SIX de RPA queiran subscribir con Entidades Locais para a súa revisión e, se procede, aceptación.

12.- Manter e formar parte activa da Oficina de Coordinación establecida polas entidades xestoras dos SIX de RPA, comprometéndose a cumprir as obrigas e tarefas asignadas a dita oficina e a asumir os seus custos de xestión. A Oficina de Coordinación fará posible ás administracións un diálogo áxil e fluído cos SIX de RPA integrantes que facilite o labor de comprobación da aplicación do Real Decreto.

O funcionamento da Oficina de Coordinación, que é única para toda España, axustarase ao disposto no Regulamento asinado polas entidades que integran a Oficina de Coordinación. Este Regulamento, regula entre outros aspectos, as funcións da Oficina de Coordinación en materia de loxística, de xestión, de información, de comunicación e o funcionamento da cámara de compensación. As tarefas que se levarán a cabo por esta Oficina describíense no anexo V.

A Oficina asumirá a función principal de coordinar a xestión dos RPA portátiles de todos aqueles municipios que se adhiran ao presente Convenio Marco. Para as EELL adheridas na modalidade B definida posteriormente na cláusula quinta do presente Convenio os SIX asumirán o servizo de recollida no prazo máximo de tres meses a contar dende a data de adhesión da respectiva Entidade Local. A Oficina poñerá a disposición das entidades locais unha plataforma informática e un teléfono que facilitará as xestións establecidas no presente Convenio.

13.- Propoñer e executar campañas de información, concienciación cidadá e sensibilización ambiental, para aumentar o grao de eficacia na recollida selectiva dos RPA. As entidades xestoras dos SIX asinantes participarán no financiamento destas campañas cunha achega económica anual por habitante baseada no último censo de poboación publicado polo Instituto Nacional de Estatística, segundo se calcula no Anexo IV.

CUARTA.- COMPROMISOS QUE ADQUIRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA

1.- Colaborar coas Entidades Locais e as entidades xestoras dos SIX de RPA na promoción e participación e, no seu caso, na imprantación de medidas tendentes a ampliar e mellorar a recollida selectiva de RPA portátiles, de acordo co que determine a Comisión de Seguimento.

2.- Promover a participación das Entidades Locais na recollida dos RPA portátiles e a súa adhesión ó Convenio Marco. Para iso, a CCAA comunicará ás Entidades Locais o contido do presente Convenio e instará a estas á súa adhesión coas condicións a que se refire o Anexo I.



XUNTA DE GALICIA

3 - Colaborar coas Entidades Locais na posta en marcha de dispositivos de inspección, control e policía ambiental para o seguimento das obrigas e actuacións previstas neste Convenio e dentro do ámbito das súas competencias.

4. Revisar as propostas de acordos particulares con entidades locais remitidas polos SIX de RPA e, no seu caso, facer as consideracións oportunas nun prazo non superior a un mes. Aquelas propostas sobre as que, no prazo dun mes, non se reciba ningún comentario consideraranse autorizadas por silencio positivo polo que se procederá á súa sinatura. A avaliación de ditos acordos realizarase de acordo cos criterios establecidos no anexo II

5.- Esixir as mesmas obrigas que asumen as entidades xestoras dos SIX en virtude da sinatura deste convenio, e co mesmo alcance e contido, ao resto de produtores de pilas e acumuladores que decidiran cumprir as obrigas impostas polo Real Decreto 106/2008 mediante outras modalidades diferentes do SIX, de acordo co previsto no art. 5.2 da citada norma, ou a través dun SIX de RPA non asinante do presente Convenio.

QUINTA.- COMPROMISOS QUE ADQUIREN OS ENTES LOCAIS

1.- As Entidades Locais que o desexen poderán adherirse ao presente Convenio Marco ou poderán subscribir acordos particulares coas entidades xestoras dos SIX de RPA.

2.- A adhesión das Entidades Locais implicará a autorización ás entidades xestoras dos SIX de RPA, a desenvolver nos seus respectivos territorios as actuacións inherentes á recollida selectiva e correcta xestión dos RPA nas cadeas de distribución coas que teñen acordos para a recollida selectiva destes residuos nas súas instalacións.

3.- As Entidades Locais que voluntariamente se adhiran ao presente Convenio Marco deberán comunicalo ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, axustándose ao modelo de documento que figura no anexo I do presente Convenio, deixando constancia da aceptación pola súa parte de todos os pactos contidos no mesmo.

4.- A adhesión ao presente Convenio Marco poderá realizarse baixo unha das dúas opcións seguintes:

OPCIÓN A:

A partir da data de adhesión ao Convenio, a Entidade Local seguerá coordinando e sufragando a recollida selectiva dos RPA portátiles xerados no seu municipio, responsabilizándose integramente da súa xestión e financiamento, ata os puntos de recollida municipal, PRM, nos cales poñerá a disposición dos SIX, os RPA recollidos. A entidade local será compensada economicamente pola contedorización, recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva, PRS, dos residuos ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenamento temporal, en concepto de custo económico desas operacións, tendo en conta para a súa cuantificación o establecido no anexo IV do presente Convenio Marco.

As entidades locais adheridas a esta opción comunicarán, por trimestres naturais á Oficina de Coordinación, calquera cambio que tivera lugar na rede de puntos de recollida selectiva, PRM e PRS, establecidos no seu ámbito territorial (posta en funcionamento de novos PRM ou PRS, etc.)

OPCIÓN B

A partir da data de adhesión ao convenio, a entidade local non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos RPA portátiles no seu municipio. Polo tanto, este servizo será no sucesivo realizado polas entidades xestoras dos SIX e coordinado pola Oficina de Coordinación. A prestación do servizo por parte das entidades xestoras dos SIX dará comezo nun prazo de 3 meses dende a data de adhesión ou, no seu caso, ao fin do contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses. Neste caso, a Entidade Local unicamente comprométese a recepcionar e almacenar temporalmente os RPA



XUNTA DE GALICIA

portátiles que sexan entregados nos seus PRM e entregalos aos SIX, sen que ostente dereito a esixir ningún tipo de responsabilidade ás entidades xestoras dos SIX das eventuais obrigas que houberan podido establecerse ou derivarse como consecuencia da finalización do contrato de xestión do servizo público de xestión de residuos de pilas.

Ata a data na que as entidades xestoras dos SIX de RPA realicen o citado servizo, a Entidade Local recibirá a compensación económica establecida no anexo IV do presente Convenio Marco.

5.- Unha vez adherida ao presente Convenio, a Entidade local poderá modificar a opción de adhesión escollida de acordo coas consideracións seguintes:

OPCIÓN A:

A Entidade Local que no momento de adherirse ao Convenio optara pola opción A poderá con posterioridade á súa adhesión, optar pola Opción B en calquera momento. Para iso, a Entidade Local deberá comunicar de xeito fidedigno esta decisión e remitir no formato establecido a información necesaria para comezar a recollida de RPA á Oficina de Coordinación dos SIX de RPA. O cambio de modalidade farase efectivo no prazo de 3 meses dende a recepción de dita información e a Entidade Local deixará de recibir a compensación económica establecida no anexo IV do presente Convenio.

OPCIÓN B:

A Entidade Local que no momento de adherirse ao Convenio optara pola opción B, poderá cambiar á opción A cando así o comunique de xeito fidedigno á Oficina de Coordinación no prazo de tres anos a contar dende o momento no que se comece efectivamente a funcionar baixo esta opción. A solicitude será considerada na Comisión de Seguimento do presente Convenio onde se analizarán os aspectos relativos aos novos compromisos derivados do Convenio Marco para a citada Entidade Local.

6.-As Entidades Locais adoptarán as medidas necesarias para facilitar a efectiva implantación dos SIX de RPA asinantes deste Convenio no seu ámbito territorial conforme á opción de adhesión (A ou B) escollida.

7.- As entidades locais que voluntariamente se adhiran ao presente Convenio Marco, subministrarán os datos da rede de recollida organizada no seu ámbito territorial á Oficina de Coordinación conforme ao procedemento de adhesión, aos efectos de que esta asigne as recollidas dos RPA portátiles sobre a base dos acordos que se adoptasen no seo da citada Oficina.

A subministración da devandita información realizarase on-line, a través dos formularios da plataforma informática posta a disposición pola Oficina de Coordinación. As Entidades locais poderán encher os datos requiridos ben a través de formularios de alta de puntos de recollida ou mediante unha ferramenta de carga masiva de datos habilitada pola Oficina de Coordinación para tal fin.

Os datos requiridos para dar de alta os puntos de recollida (segundo opción A ou B) indícanse no anexo I de acordo ao modelo facilitado pola Oficina de Coordinación.

8.- As entidades locais que voluntariamente se adhiran ao presente Convenio Marco, terán a consideración de partes deste.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese a Comisión de Seguimento do Convenio, cuxa composición e modo de funcionamento se define no anexo VII.

Esta Comisión ten como finalidade:



XUNTA DE GALICIA

- 1.- A análise e a resolución de todas as cuestións e problemas non resoltos ou non previstos, así como todas as cuestións relativas á execución do presente Convenio Marco, da súa interpretación e proposta de posible modificación, se procede.
 - 2.- A intervención, en caso de discrepancias na posta en práctica do Convenio entre as entidades xestoras dos SIX de RPA e algunha ou algunhas das Entidades Locais a el adheridas; nestes casos, a Comisión de Seguimento, tras analizar a situación creada, decidirá a forma de proceder para a súa resolución.
 - 3.- Velar polos principios de equilibrio territorial e universalidade do servizo no ámbito territorial incluído baixo o alcance do presente Convenio.
- De acordo ao anterior, a Comisión de Seguimento velará por que os acordos bilaterais establecidos polas entidades xestoras dos SIX de RPA non sexan contrarios aos principios de equilibrio territorial, universalidade do servizo e da libre competencia entre SIX.
- 4.- A aprobación das campañas de concienciación cidadá e sensibilización social, propostas pola Comisión de Seguimento, a Oficina de Coordinación e polos SIX de RPA.
 - 5.- O funcionamento da comisión de seguimento realizarase de conformidade co previsto para o funcionamento dos órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
 - 6.- As modificacións que se realicen ao presente Convenio Marco, por proposta da Comisión de Seguimento, deberán ser previamente aprobadas por todas as partes asinantes do convenio e incorporadas a este a xeito de addenda.

Terán consideración de modificacións, entre outras, os cambios ou introducións que supoñan un incremento nas obrigas económicas das entidades xestoras dos SIX de RPA establecidas no Convenio, as que alteren os compromisos asumidos polas partes e aquelas que sexan consideradas de tal natureza por acordo da Comisión de Seguimento.

SÉTIMA.- DURACIÓN

A duración deste Convenio será de cinco anos. No caso de que se producise a suspensión, caducidade, incumprimento ou revogación da autorización da entidade xestora do SIX, o Convenio quedaría resolto respecto á citada entidade xestora cuxa autorización resultara afectada.

Co obxecto de garantir a continuidade do servizo dos SIX de RPA na Comunidade Autónoma, en caso de que o presente Convenio Marco deixe de ter vixencia por algunha razón, manteranse as condicións de financiamento e funcionamento previstas nel durante un prazo máximo dun ano. Este período poderá prorrogarse de mutuo acordo entre as partes asinantes do Convenio.

As condicións deste Convenio Marco serán revisadas se no futuro se producen modificacións normativas que poidan incidir directamente nos seus contidos.

OITAVA.- NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente Convenio de colaboración ten natureza pública, e rexe na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico público, con expresa submisión das partes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.



XUNTA DE GALICIA

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.- O presente Convenio Marco quedará resolto de pleno dereito polo transcurso do prazo fixado de duración.

2. Serán causas xerais de resolución do Convenio as seguintes:

- Por mutuo acordo das partes que interveñen no Convenio.
- Por imposibilidade de conseguir o obxecto ou a finalidade prevista neste Convenio.
- Por calquera das causas de resolución previstas no marco normativo vixente.

3. Serán causas de resolución do Convenio para unha determinada entidade xestora do SIX, as seguintes:

- Por falta de viabilidade económica ou técnica da entidade xestora do SIX.
- No caso de que se producise a suspensión, caducidade, incumprimento ou revogación da autorización da entidade xestora do SIX, o Convenio quedaría resolto respecto á citada entidade xestora cuxa autorización resultara afectada.

DÉCIMA.- EFECTOS DA RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO MARCO

No suposto de instarse á resolución anticipada do presente Convenio Marco, segundo algunha das formas previstas na cláusula anterior, e encontrarse as Entidades Locais pendentes de percibir a compensación dalgunha cantidade polo servizo de recollida e xestión de residuos RPA portátiles, corresponderá ás entidades xestoras dos SIX de RPA o aboamento destas cantidades, na mesma proporción que lles tivese correspondido na data inmediatamente anterior á resolución.

UNDÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DA ADHESIÓN DOS ENTES LOCAIS

Serán causas de resolución da adhesión das Entidades Locais ao Convenio Marco:

1.- O incumprimento das obrigas que corresponden ás Entidades Locais adheridos ao presente Convenio Marco.

2.- O desistimento unilateral e voluntario das Entidades Locais á adhesión do presente Convenio Marco, sempre que se cumpran os prazos e condicións inicialmente asumidos. Para os anteriores efectos, a Entidade Local que optase pola Opción A de adhesión ao Convenio marco, poderá desistir unilateralmente en calquera momento sen que poidan esixir indemnización ningunha derivada do establecido no presente Convenio. Se se tivese optado pola Opción B para a adhesión, e a xuízo da comisión de seguimento o desistimento puidese supoñer un impacto significativo para os SIX, só poderá facerse efectivo unha vez que os SIX fosen compensados por este impacto significativo e en todo caso transcorrido dous anos dende que se produciu a adhesión.

3.- Por calquera das causas previstas no marco normativo vixente.

4.- En caso de que unha Entidade Local manifeste desacordo coas condicións acordadas en Comisión de Seguimento, cando esta solicite a modificación da opción de adhesión de B a opción A.

Para calquera dos supostos anteriores, as entidades xestoras dos SIX poderían levar á Comisión de Seguimento o prexuízo causado. A Comisión de Seguimento decidiría se as entidades xestoras deberían recibir unha compensación por iso, o importe da devandita compensación e se esta debe ser asumida pola Entidade Local.



XUNTA DE GALICIA

DUODÉCIMA.- CONSIDERACIÓN ADICIONAL.

O presente Convenio está aberto para que, con posterioridade á súa firma, poida ser subscrito por calquera entidade xestora do SIX de RPA ou produtor de pilas e acumuladores que teña implantado o seu propio sistema de xestión individual, sempre que estean autorizados na Comunidade Autónomas e asuman a totalidade de compromisos contidos no presente Convenio, especialmente os de carácter económico.

De conformidade co establecido no art.º 33 da lei 10/2008 de residuos de Galicia, a adhesión doutros SIX de RPA queda supeditada á adhesión previa á Oficina de Coordinación constituída polos SIX asinantes deste convenio co obxecto de coordinar o funcionamento dos SIX de RPA nesta Comunidade Autónoma.

Os SIX de RPA que se adhira ao presente convenio deberán asumir integramente todos os dereitos e obrigas previstos neste, independentemente da data de adhesión a este. Deste modo, a Comunidade Autónoma garantirá que o atraso na firma do Convenio Marco e/ou a súa non adhesión a este, en ningún caso pode supoñer a unha entidade xestora do SIX un aforro de custos ou calquera outra vantaxe competitiva en relación ás entidades xestoras dos SIX que se adhiren dende o primeiro momento.

As entidades xestoras dos SIX asinantes do presente Convenio que puidesen sentirse prexudicados por este motivo, poderán levar os casos considerados á Comisión de seguimento para a súa análise e resolución da situación acontecida.

DECIMOTERCEIRA.- CONSIDERACIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

A firma do presente convenio non supón a asunción de ningunha carga económica para a Xunta de Galicia.

DECIMOCUARTA.- EFICACIA.

A firma de presente Convenio, para cada unha das entidades xestoras dos SIX de RPA, queda condicionada á obtención da correspondente autorización do SIX de RPA, de acordo coa normativa específica de aplicación.

E, en proba de conformidade co anteriormente exposto, as partes asinan catro exemplares do presente Convenio no lugar e día sinalados no encabezamento.

O Conselleiro de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras

Agustín Hernández Fernández de Rojas

O Representante da Fundación para la
Gestión Medio Ambiental de pilas.

José Pérez García

O Representante de European Recycling
Platform España S.LU

Idalecio Matias Rodriguez



XUNTA DE GALICIA

Anexo I: MODELO DE DOCUMENTO DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE XXXXXXXXXX E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

Visto que o artigo 8.3 do Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre Pilas e Acumuladores e a Xestión Ambiental dos seus Resíduos, prevé a participación das Entidades Locais nos SIX de RPA, mediante a adhesión ao Convenio Marco asinado entre a Comunidade Autónoma e as entidades xestoras dos SIX de RPA.

Mediante o presente escrito, solicitamos a adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores, co fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 106/2008, da 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Que, de conformidade co previsto no artigo 10.4 do RD 106/2008 no referente á posta en funcionamento dun servizo de recollida selectiva dos RPA portátiles a través dalgunha das modalidades contempladas no citado artigo do RD 106/2008, e en particular, a través dun Sistema Público de Xestión (en diante, SPX), nos termos que establece a lexislación en materia de réxime local e se é o caso, das respectivas ordenanzas. Neste sentido:

☐

Dispónse dun SPX

☐

Non se dispón dun SPX

A continuación, solicítase a adhesión ao presente Convenio, nunha das seguintes modalidades:

OPCIÓN A

☐

A entidade local que subscribe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo IV do precitado Convenio Marco.

OPCIÓN B

☐

A entidade local que subscribe esta adhesión comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos, PRS, ata o punto de recollida municipal, PRM) e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu municipio, a partir deste momento, a partir dun prazo de 6 meses a contar dende a data da presente adhesión ou, no seu caso, ao termo do contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses. Nese momento, as entidades xestoras dos SIX de RPA realizarán tales funcións, sendo coordinados pola Oficina de Coordinación, de modo que a Entidade Local unicamente se compromete a recepcionar e almacenar temporalmente os RPA portátiles que sexan entregados nos seus PRM e entregalos aos SIX de RPA asinantes.

A data en que se fará efectiva esta opción B é:



XUNTA DE GALICIA

A partir da expresada data, a Entidade Local deixará de percibir a compensación económica establecida no anexo IV do presente Convenio Marco.

Por iso, e de conformidade coa cláusula quinta do Convenio de colaboración referido anteriormente, achegamos ao presente escrito o acordo expreso de adhesión por parte do Pleno do órgano competente da Entidade Local ou do órgano en que se delegue ou que resulte competente, o cal inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto.

Atentamente,

Alcalde / Presidente da entidade local
(DATA / SINATURA ADHESIÓN AO CONVENIO)



XUNTA DE GALICIA

MODELO DE FORMULARIO OPCIÓN A: O ente local realizará o servizo de recollida dos RPA nos puntos de recollida selectiva (PRS), municipais, e acumularaos nos puntos de recollida municipal (PRM) situados no seu municipio.

ANEXO 1: FORMULARIO REVISIÓN DATOS ENT. ENTIDADE LOCAL

Datos da Administración Pública propietaria do PRM

Nome ou Razón Social	
CIF	
Dirección	
nº	
Código Postal	
Localidade	
Municipio	
Provincia	
CCAA	
Persoa contacto	
Teléfono	
Fax	
e-mail	

Datos Bancarios:	
Nº Conta (1)	
Forma de pago (2)	

Datos da empresa concesionaria dos servizos de recollida (1)

Nome ou Razón Social	
CIF	
Dirección	
nº	
Código Postal	
Localidade	
Municipio	
Provincia	
CCAA	
Persoa contacto	
Teléfono	
Fax	
e-mail	

Datos da entidade de facturación (2)

Identificación da entidade que factura	
CIF	
Nº Conta (3)	
Forma de pago (4)	

(1) Este punto ha de encherse se a recollida se realiza a través dunha empresa concesionaria, para iso, a ficha de alta ha de ir acompañada da delegación expresa de asinada e selada pola Administración adherida ao Convenio Marco.

(2) Este punto ha de encherse se se delega o cobramento da facturación na empresa concesionaria, para iso, a ficha de alta ha de ir acompañada da delegación expresa de facturación asinada e selada pola Administración adherida ao Convenio Marco.



XUNTA DE GALICIA

Datos del Punto de recogida Municipal PRM

Tipo de punto de recogida municipal (1)	Puntos Limpio(2), almacén municipal, planta de triaje, ecoparque etc.		
Nombre del punto de recogida			
Dirección			
nº			
Código Postal			
Localidad			
Municipio			
Provincia			
CCAA			
Persona contacto			
Teléfono			
Teléfono móvil			
Fax			
Email			
Horario del PRM			
Báscula de pesaje (SI/NO)			
NIMA (3)			
Identificación de los contenedores (4)	Tipo de contenedor	Num. Contenedores	Capacidad contenedores
1			
2			
n			

(1) El menú desplegable se corresponde con la parte sombreada en amarillo

(2) Punto limpio (Deixallerías, Garbigunes, puntos verdes, o similares de recogida municipal)

(3) Código NIMA (Número de Identificación Medio Ambiental): es un código a nivel estatal de identificación de los centros registrados como productores y/o gestores de residuos.
Se compone de 10 dígitos, el código de provincia (INE) (2 dígitos) + Código numérico (8 dígito)

(4) Añadir tantas filas como contenedores existentes de diferentes tipologías

* Los campos en color azul, son opcionales.

A WEB de OfiPilas publicará información sobre puntos de recogida selectiva, PRS, e dos puntos de recogida municipal, PRM, con acceso aos cidadáns. Se desexa que a páxina WEB de OfiPilas non publique, de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 (LOPD), a información dos PRM sitios no seu ámbito territorial de, deberá indicalo a continuación dos datos do punto de recogida.

Por outro lado, baixo a modalidade de adhesión A non é necesario informar sobre os PRS do seu ámbito territorial, non obstante e con finalidade informativa de cara aos usuarios da web, se desexa facilitar a devandita información, pode facilitala de acordo ao formulario de alta ou ben a través do arquivo de carga masiva de datos posto a disposición pola Oficina de Coordinación.



XUNTA DE GALICIA

MODELO DE FORMULARIO OPCIÓN B: O ente local comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida dos RPA nos puntos de recollida selectiva (PRS), municipais (PRM) ou da distribución aos que o servizo municipal dá cobertura.

ANEXO 1: FORMULARIO REVISIÓN DATOS ENT ENTIDADE LOCAL

Datos da Administración Pública propietaria do PRM

Nome ou Razón Social	
CIF	
Dirección	
nº	
Código Postal	
Localidade	
Municipio	
Provincia	
CCAA	
Persoa contacto	
Teléfono	
Fax	
e-mail	

Datos Bancarios:

Nº Conta (1)

Forma de pago (2)

Datos da empresa concesionaria dos servizos de recollida (1)

Nome ou Razón Social	
CIF	
Dirección	
nº	
Código Postal	
Localidade	
Municipio	
Provincia	
CCAA	
Persoa contacto	
Teléfono	
Fax	
e-mail	

Datos da entidade de facturación (2)

Identificación da entidade que factura	
CIF	
Nº Conta (3)	
Forma de pago (4)	

(1) Este punto ha de encherse se a recollida se realiza a través dunha empresa concesionaria, para iso, a ficha de alta ha de ir acompañada da delegación expresa de recollida asinada e selada pola Administración adherida ao Convenio Marco.

(2) Este punto ha de encherse se se delega o cobramento da facturación na empresa concesionaria, para iso, a ficha de alta ha de ir acompañada da delegación expresa de facturación asinada e selada pola Administración adherida ao Convenio Marco.

A Entidade Local que voluntariamente se adhira ao presente Convenio Marco no modelo de adhesión B, subministrará os datos da totalidade dos puntos de recollida selectiva, PRS, e dos puntos de recollida municipal, PRM, do seu ámbito territorial á Oficina de Coordinación conforme ao procedemento de adhesión. A subministración da devandita información realizarase on-line, a través dos formularios da plataforma informática posta a disposición pola Oficina de Coordinación, onde se poderán introducir os datos requiridos ben a través de formularios de alta de puntos de recollida, como o que se indica a continuación, ou mediante unha ferramenta de carga masiva de datos habilitada para tal fin. Unha vez que se faciliten os datos dos puntos de recollida, a súa adhesión ao Convenio farase efectiva.



XUNTA DE GALICIA

Datos de los Puntos de Recogida Selectiva PRM/PRS

Identificación del PRM/PRS (1)	TIPO DE PUNTO	DESCRIPCIÓN			
	Punto de Recogida Municipal	Punto Limpio(2), almacén municipal, planta de triaje, ecoparque etc.			
	Centro Público	Casas de cultura, sedes ayuntamientos, bibliotecas, hospitales, centros cívicos, equipamientos deportivos, etc.			
	Centro Educativo	Colegio, instituto, universidad pública, universidad privada, etc.			
	Distribución	Comercios, centros comerciales, supermercados, etc.			
	Centro Privado	Empresas privadas con acceso limitado al público			
Puntos recogida Vía Pública		Mupis, contenedores en marquesinas, etc.			
Nombre del punto de recogida					
Dirección					
nº					
Código Postal					
Localidad					
Municipio					
Provincia					
CCAA					
Persona contacto					
Teléfono					
Teléfono móvil					
Fax					
e-mail					
Horario					
Báscula de pesaje (SI/NO)					
NIMA (3)					
Identificación de los contenedores (4)	Tipo de contenedor	Num. Contenedores	Capacidad contenedores		
1					
2					
n					

(1) El menú desplegable se corresponde con la parte sombreada en amarillo

(2) Punto limpio (Deixallerías, Garbigunes, puntos verdes, o similares de recogida municipal)

